

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

5392 Orde DEF/419/2017, do 8 de maio, pola que se establecen os supostos para aplicar a tramitación de urxencia aos procedementos para o paso á situación administrativa de suspensión de funcións dos militares profesionais.

O artigo único, número oito, da Lei 46/2015, do 14 de outubro, pola que se modifica a Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, engade un novo parágrafo ao número 2 do artigo 111 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, que dispón «Regulamentariamente estableceranse as medidas necesarias para determinar os supostos en que se deberá acordar a tramitación de urxencia nos procedementos para o paso á situación de suspensión de funcións».

Por outra parte, o artigo 31.2 do Regulamento de adquisición e perda da condición de militar e situacións administrativas dos militares profesionais, aprobado mediante o Real decreto 1111/2015, do 11 decembro, asígnalle ao ministro de Defensa a determinación dos citados supostos.

A declaración da tramitación de urxencia baséase en razóns de interese público, tal e como se establece no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Polo tanto, cómpre establecer que circunstancias adicionais ás que se investigan en sede xudicial ou disciplinaria poderían supor un menoscabo do interese público, identificado especificamente na imaxe das Forzas Armadas ou os dereitos dos presuntos afectados polas ditas condutas.

Durante a súa tramitación, as asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas emitiron informe sobre o proxecto desta orde ministerial, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e deuse coñecemento del ás asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Finalmente, de acordo co establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, emitiu informe sobre el o Consello de Persoal das Forzas Armadas

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas e de acordo co Consello de Estado,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ministerial ten como finalidade establecer os supostos en que se considera necesario aplicar, aos procedementos para o paso á situación administrativa de suspensión de funcións, a tramitación de urxencia disposta no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Esta orde ministerial será de aplicación ao persoal militar profesional ao servizo das Forzas Armadas que non teña suspendida a condición militar.

Artigo 3. *Supostos de aplicación.*

Aplicarase a tramitación de urxencia nos casos seguintes:

a) Cando o militar ocupe un posto que supoña a xefatura dunha unidade, tanto orgánico da estrutura do Ministerio de Defensa como alleo a ela, ou que estea incluído no proceso de asignación dun deles.

b) Cando o militar estea incluído nas zonas de escalafón publicadas para avaliación para o ascenso ao emprego superior, tendo previsto o seu ascenso, e ata o momento en que se puiden producir este.

c) Cando o militar posúa un emprego ao que se ascenda polo procedemento de elección.

d) Respecto ao militar contra o que se acordase a prisión preventiva.

e) No suposto de realización de actos que impliquen un prexuízo directo a un terceiro, e que este e o presunto causante do prexuízo permanezan na mesma base, acuartelamento, buque ou establecemento onde se produciron os ditos actos.

Artigo 4. *Tramitación de urxencia.*

1. A declaración da tramitación de urxencia será acordada polo ministro de Defensa ou polo órgano competente para incoar o procedemento de suspensión de funcións.

2. O procedemento tramitarase segundo o disposto no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde ministerial entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 8 de maio de 2017.–A ministra de Defensa, María Dolores de Cospedal García.